

Mércores, 9 de agosto de 2023

Núm. 153

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ESTRADA, A

Persoal, oposicións

MODIFICACIÓN LISTADO DEFINITIVO DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE TUBA VACANTE NA PLANTILLA DE PERSOAL LABORAL CORRESPONDENTE AOS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN

ANUNCIO BOPPO

Mediante a Resolución de Alcaldía n.º 2023-1151 de data 04/08/2023, que se transcribe a continuación, modificouse a Resolución de Alcaldía n.º 2023-1041 de data 20/07/2023 pola que se aproba a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos dunha praza de Profesor/a de Tuba, vacante na plantilla de persoal laboral do Concello da Estrada.

DECRETO N.º 2023-1151

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2023-1041, de data 20/07/2023, polo que se resolve aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as dunha praza de Profesor/a de Tuba, polo sistema concurso-oposición, correspondente aos procesos selectivos de estabilización.

Visto o erro detectado na redacción do devandito Decreto, consistente en:

Onde di:

“CUARTO: Convócase as persoas aspirante para o día 23 de agosto de 2023 ás 11:00 horas na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, para a realización do exercicio obrigatorio..”

Debe dicir:

CUARTO: Convócase as persoas aspirante para o día 23 de agosto de 2023 ás 10:00 horas na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, para a realización do exercicio obrigatorio.

E, en uso das facultades que me cofire a lexislación vixente,

RESOLVO

Aprobar a corrección do Decreto da Alcaldía n.º 2023-1041, de data 20/07/2023, quedando a súa redacción definitiva do seguinte xeito:



Mércores, 9 de agosto de 2023

Núm. 153

“Feitos e fundamentos de dereito

Vistas as bases xerais e específicas que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, aprobadas por Resolución de Alcaldía n.º 2022-1934 de 27/12/2022 e publicadas no BOPPO núm. 249 de 30/12/2022.

Visto os procesos selectivos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, polo sistema de concurso-oposición, publicados no BOE núm. 71 de 24/03/2023.

Visto a praza convocada de Profesor/a de Tuba (Persoal Laboral Fixo a tempo parcial).

Visto que nas bases da convocatoria non estaba designado o tribunal calificador do proceso selectivo.

Visto que rematou o prazo de subsanación de erros, e atendendo á cláusula 7ª das Bases da convocatoria,

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar a lista definitivo de admitidos/as e excluidos/as do seguinte xeito:

ADMITIDOS/AS:

	<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>DNI</i>
1	CALVIÑO MACEIRAS, RUBÉN	***7923**
2	SANTACLARA RÍOS, PABLO EMILIO	***6797**

EXCLUIDOS/AS: Ningún

SEGUNDO: Aprobar a formación do tribunal calificador, composto polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

-Titular: D. Javier Comesaña Pereira (Director do Conservatorio Profesional do Concello da Estrada).

-Suplente: Dna. Mónica Barreiro Estévez (Traballadora Social Concello da Lama).

SECRETARIO/A (actúa con voz pero sen voto) :

-Titular: Dna. Vanessa Mª Rodríguez Varela (Administrativa do Concello da Estrada)

-Suplente: D. Santiago Casalderrey Palacios (Técnico Medio de Xestión Tributaria ORAL Deputación de Pontevedra)

VOGAL:

-Titular: D. Iván Novo Vello (Profesor de violín do Conservatorio profesional de Música do Concello da Estrada).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: XUEFNHRGD91BX410



Mércores, 9 de agosto de 2023

Núm. 153

-Suplente: Dna. Mónica Barreiro Estévez (Traballadora Social Concello da Lama).

VOGAL:

-Titular: D. Francisco Lorenzo Romero (Profesor de Armonía do Conservatorio Profesional de Música do Concello da Estrada)

-Suplente: Dna. M.^a del Carmen López Campos (Técnico Información Xuvenil Concello de Cuntis).

VOGAL:

-Titular: Dna. Isabel Gude García (Profesora de violonchelo do Conservatorio Profesional de Música do Concello da Estrada).

-Suplente: M.^a Ángeles Comesaña Martínez (Coordinadora de publicacións Museo de Pontevedra, Diputación)

VOGAL:

-Titular: D. Ángel Morales Domínguez (Profesor de Percusión do Conservatorio Profesional de Música do Concello da Estrada)

-Suplente: D. Lino Manuel Doporto Framil (Arquitecto do Concello de Silleda)

TERCEIRO: Convócase os membros do Tribunal para o día 22 de agosto de 2023, ás 11:00 horas na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, para a constitución do mesmo e, no seu caso, baremo de méritos.

CUARTO: Convócase as persoas aspirante para o día 23 de agosto de 2023 ás 10:00 horas na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, para a realización do exercicio obrigatorio.

A Estrada, 4 de agosto de 2023

O ALCALDE ACCTAL

Juan M. Constenla Carbón

